



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Requirimento de documentación á persoa candidata proposta. Proceso selectivo de 1 praza de Orientador/a laboral. Procedementos de estabilización de emprego temporal.

Núm. Admvo. Expte: 2023/E001/000012

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000736

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023, se aprobaron as bases xerais e específicas dos procesos extraordinarios de estabilización de emprego público neste concello, incluídas no oferta de emprego público do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, relativa a unha praza de ORIENTADOR/A LABORAL.

Vista a proposta do tribunal cualificador que avaliou os méritos dos/as candidatos/as que se presentaron ao proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de Orientador/a laboral, de data 03/10/2024 respecto da relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación obtida, na que propón nomear á seguinte persoa candidata para a cobertura en propiedade de unha praza de Orientador/a laboral e a adquisición da condición de persoal laboral fixo:

Apelidos e nome	DNI
Varela Campos, M ^a del Carmen	***0711**

Esta Alcaldía, de conformidade co artigo 21.1.h) da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e coas bases novena e décima das bases xerais que rexen este proceso selectivo, e en uso das facultades que lle están conferidas,

RESOLVE:

Primeiro. Publicada no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal, a relación definitiva de aprobados, requíreselle á persoa candidata proposta para a praza de **Orientador/a laboral** para que no prazo de vinte días naturais a contar desde esta publicación, achegue a documentación establecida na base décima das bases xerais desta convocatoria, a fin de acreditar que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Segundo. A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3^a das bases de selección, non poderá ser contratado/a, dando lugar á invalidez das súas actuacións e á subseguinte nulidade dos actos da comisión de selección con respecto a este, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude.

Terceiro. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García